

## Condenada a cuatro años de cárcel una mujer que llevaba heroína en su sujetador

• Cuatro años de cárcel y una multa de 2.900 euros es la pena que la sección segunda de la Audiencia ha impuesto a una acusada de tráfico de drogas, que llevaba 98 gramos de heroína.

OURENSE • LR

La elevada cantidad de heroína que llevaba escondida en su sujetador y el hecho de que no quedara acreditada su adicción a las drogas han servido a la sección segunda de la Audiencia para condenar a María Delia Fontán Sabarís por un delito contra la salud pública. El fallo impuesto por el tribunal es de una pena de cuatro años de prisión y multa de 2.909 euros.

El tribunal entiende que, el día de su detención, la acusada, que reside en Vilanova de Arousa, no había venido a Ourense para hacer turismo, como ella declaró en el juicio. Lo asegura porque la acusada no puede explicar por qué "hacia tal desplazamiento con una importante cantidad de droga (98,46 gramos de heroína), que no parece pueda atender al consumo que podría tener lugar en la localidad visitada".

### Cantidad elevada

Del mismo modo, los magistrados recuerdan en la sentencia que la propia acusada reconoció en el momento de su detención que llevaba unos dos meses sin consumir drogas, "lo que denota su baja adicción, cuando puede superar tan importante periodo en estado abstinente, con lo que cabe concluirse que la importante cantidad aprehendida no estaba destinada al propio consumo". No en vano, la jurisprudencia ha venido considerando el consumo medio diario de heroína en 0,6 gramos. Además, la imputada estaba siendo investigada por la Policía por su posible relación con el narcotráfico. Por todo ello, el tribunal considera que el destino de la droga incautada a la acusada era la venta a terceras personas. La sentencia no es firme y puede ser recurrida ante el Tribunal Supremo.



Paz, Pita, Villarino, Baltar, Rodríguez e Vidal, cos nenos na exposición do Paseo.



Concerto no Teatro Principal.



Villarino y Rodríguez intercambian agasallos.

## O Parlamento sae de convivencias saudables

A Cámara autonómica achégase ós cidadáns cunha exposición na rúa e actos institucionais

• Baixo o lema de "Convivencias saudables", o Parlamento de Galicia organizou en Ourense unha xornada de actividades para dar a coñecer a súa tarefa entre os cidadáns, que incluíu recepcións no Concello e no Teatro Principal. Nos actos participaron a presidenta do Parlamento, Dolores Villarino, e os membros da Mesa.

OURENSE • LR

Dentro dun percorrido polas capitais do antigo Reino de Galicia (que xa pasou por Betanzos, Tui e Mondoñedo), a campaña "Convivencias", organizada polo Parlamento galego, visitou Ourense con dous obxectivos: achegar a institución ós cidadáns e promocionar a convivencia.

A xornada comezou cunha recepción no Concello, na que o alcalde, Francisco Rodríguez, e os concelleiros recibiron á presidenta do Parlamento, Dolores Villarino, e os membros da Mesa: Tereixa Paz, Pablo López Vidal, José Manuel Baltar e Jaime Pita. Na súa intervención, Rodríguez referiuse á importancia destes actos para fomentar os valores democráticos. Mentres, Villarino explicou que a campaña "Convivencias" leva en Ourense o adxectivo de "saudables", inspirado na riqueza termal dunha cidade cun "presente dinámico e enriquecedor e un futuro que todos deben ver con optimismo e ambición".

O remate do acto, as autoridades visitaron a exposición sobre convivencia no Paseo, onde conversaron cun grupo de escolares. A xornada rematou cun acto no Teatro Principal, que incluíu as actuacións de Cristina Pato, Laura Alonso e Leonardo Blanco, e unha recepción oficial do Parlamento á sociedade ourensá.

## "Nesta lexislatura hai máis predisposición ó acordo por parte de tódolos políticos"

DOLORES VILLARINO  
Presidenta do Parlamento de Galicia

¿Por qué é precisa unha campaña para achegar o Parlamento ós cidadáns?

Porque hai unha certa distancia entre as institucións e a cidadanía, pero é moi importante que teñan proximidade para que separamos qué pensa a xente, as súas inquedanzas ou críticas. O poder lexislativo é máis descoñecido que o executivo. Por eso, debíamos dar o primeiro paso: saír de Santiago e facer actividades na rúa. Tamén pensamos que o Parlamento ten que promover os valores que son a esencia da democracia. Neste caso, o da convivencia "saudable", como Ourense e a súa riqueza termal. Penso que será a cidade de Galicia que nos primeiros 50 anos deste século sufrirá a maior transformación.

¿Que problemas observa en Galicia en convivencia?

Hai algúns, como en tódalas sociedades. Aínda temos pouca inmigración, pero creo hai un problema relativo. Temos unha maneira de ser relativamente sosegada, integradora. Pero en calquera sociedade hai que facer un esforzo continuo de mellorar a convivencia cada día.

¿E os políticos dan exemplo?

Eu síntome orgullosa dos 75 parlamentarios porque, dentro da discrepancia lóxica, hai un nivel de convivencia persoal moi importante, básico para poder ter diálogo. Levamos 19 leis aprobadas por unanimidade. Seguro que temos que mellorar, pero é razoable.

¿E como cambiou tras últimas eleccións?

Si é certo que nesta lexislatura hai máis predisposición ó acordo



Dolores Villarino.

TEXTO • María José Miragaya  
FOTOGRAFÍA • Xesús Fariñas

que fixo a ponencia do Parlamento foi moi alto e cun consenso absoluto, e o único que impediu o acordo foi o preámbulo, con algo tan difícil de explicar como que se poida cantar un himno no que falamos de Nación de Breogán pero non se poda plasmar no preámbulo. Cando se dean as condicións políticas á manxe de Galicia, haberá acordo rápido.

¿Nesta lexislatura?

Podería ser, pero é difícil. Trálas xerais, ven a precampaña das autonómicas e para chegar a acordo é necesario certo sosego, que agora non vexo.

¿Como ve a proposta dunha circunscrición electoral para os emigrantes en Galicia?

Como socialista, sempre defendimos o dereito o voto dos emigrantes, coas mesmas garantías que en Galicia. Se a circunscrición é única, a posibilidade de garantir a limpeza do voto está máis preto: non é o mesmo que haxa votos en cada provincia que unha circunscrición. Tamén lles permite ós emigrantes visualizar os seus representantes, máis próximos a eles.

Más en TELEMIÑO

▷ Hoy, entrevista a Dolores Villarino, a las 14.40, 20.50, 21.50, 22.50 y 00.50.

HOY  
EN LA PAGINA 51  
MÁS DE  
**40**  
OFERTAS  
DE  
TRABAJO

CIMO  
OFERTAS DE TRABAJO